

O SANTUARIO DO CEBREIRO. ETNORITUAIS E OFRENDAS

Revista Croa, 25, 2015

AUTOR: JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

INTRODUCCIÓN

O fenómeno relixioso popular tenta dar solución a necesidades non satisfeitas polo sistema relixioso oficial; polo tanto, fronte á linguaxe conceptual do sistema oficial, que é inintelixible para a xente sinxela, a relixiosidade popular tende de cara a outras linguaxes baseadas na sensibilidade e na imaxinación. Como produto da sensibilidade proxectámonos de cara a algo singular, concreto e tanxible, reflectido nas imaxes, e símbolos de entidades divinas. Como produto da imaxinación proliferan as narracións e lendas, que son instrumentos de transmisión oral de diferentes eventos relixiosos¹. Estes novos modos de percepción do sagrado están máis cercanos ao corazón que ao entendemento. En consecuencia, a relixiosidade popular aparece máis como a expresión de aqueles que senten e ven, que de aqueles que saben e coñecen. Así mesmo, este fenómeno relixioso amosa un claro compoñente pragmático en canto que se fundamenta nun mutuo intercambio de favores.

Unha das manifestacións básicas da relixiosidade popular encontrámola nos santuarios. O santuario funciona como un espazo de mediación entre dúas dimensións: a coñecida e a descoñecida; a humana e a divina; a natural e a sobrenatural. No seu interior, os devotos establecen unha relación persoal, sen interferencia doutros intermediarios, coa imaxe obxecto de devoción e que goza da súa confianza. Non embargantes, o maior ou menor número de devotos que acoden a un santuario, está relacionado cos prodixios ou curacións que lle adxudicaron á súa imaxe de devoción ó longo da súa historia. Estes contribuíron a fomentar e dar solidez a súa devoción. “*A sona dun centro romeiro deriva dos portentos que lle son atribuídos*”².

1. TRAZOS XEOGRÁFICOS E HISTÓRICOS DO CONCELLO DE PEDRAFITA

O santuario do Cebreiro encóntrase no lugar do mesmo nome, parroquia de Santa María do Cebreiro, do arciprestado de Triacastela e diócese de Lugo, e, tocante á administración civil, pertence ao concello lucense de Pedrafita do Cebreiro.

O concello de Pedrafita, dunha extensión de 104,9 km², sitúase no ámbito das serras orientais, onde conversen as altas terras de os Ancares e o Courel. No seu territorio conflúen diferentes estribacións montañosas. Así, mirando ó leste encontramos os montes de Pedrafita; na parte setentrional se une cos Ancares; no seu tramo meridional enlaza coa serra do Courel; e de cara u oeste se desdobra en dá orixe ás serras do Oribio e aos montes de Louzara. No marco deste conxunto de estribacións montañosas, tamén, encontramos profundos vales coincidentes coas cabeceiras de importantes ríos como o Lor, o Louzara e o Navia.

¹ BLANCO PRADO, J.M.: *Religiosidad Popular en el Municipio de Begonte*, Lugo: Deputación Provincial, 1993, páx. 325.

² GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: “A Mesta fraga das festas de Galicia”, en *Tempos de Festa de Galicia*, t. I, Caixa Galicia, 2006, páx.45.

O clima do concello é de tipo oceánico de montaña, o que motiva que os veráos sexan curtos e frescos e os invernos fríos e longos.

Respecto a demografía do municipio, o trazo dominante é o descenso da poboación desde principios do século pasado, aínda que a partir da década dos cincuenta a emigración acadou cifras alarmantes, provocando un avellentamento da poboación. Así, mentres que no ano 1900 o concello tiña 4217 habitantes, no 2014, segundo o Instituto Nacional de Estadística, acadou 1155, distribuídos nas seguintes parroquias: O Cebreiro (Santa María), Fonfría (San Xoán), Hospital (San Xoán), Liñares (Santo Estevo), Lousada (San Vicente), Louzarella (San Xoán), Pacios (San Lourenzo), Padornelo (San Xoán), Pedrafita do Cebreiro (Santo Antón), Riocereixa (Santa María Madanela), Veiga de Forcas (Santa María), Zanfoga (San Martiño).

Historicamente as altas terras de o Cebreiro, tiveron sempre unha función de paso para acceder a outras comunidades. Así, unhas veces foi o itinerario das vías romanas; logo, usouse, como camiño de Sant-Iago e camiño real e, no século XIX, construíuse a primeira estrada moderna de acceso dende a meseta. Dous trazos moi singulares do municipio son: as vivendas tradicionais ou pallozas, de orixe prerromana, e o santuario do Cebreiro, que nos seus inicios foi antigo priorato e hospital. No ano 1821, o seu territorio estaba repartido entre os concellos do Cebreiro e Vilanova do Padornelo, fusionados en 1835 no concello do Cebreiro. A súa adscrición xudicial cambiou ao longo do tempo. Así, de 1821 á 1840 permaneceu no partido xudicial de Cruzul; entre os anos 1840 e 1965 pasou a Becerreá; logo, ata o ano 1988, a Lugo; e, finalmente, voltou a Becerreá³.

En canto a economía do concello, o 64,76% da poboación activa está ocupada, dun xeito preferente, nunha agricultura de autoconsumo e nunha gandeiría vacuna para a carne. A industria tivo significación ata o peche da importante planta mineira de Exmimesa. Na actualidade, pequenas industrias artesanais ocupan ao 18,47%. O resto traballa en actividades terciarias –comercios, hostalería, turismo- que se aglutinan en torno á vila de Pedrafita, como centro de servizos para un territorio de montaña⁴.

2. TRAZOS HISTÓRICOS DO SANTUARIO E ANEXOS

O Cebreiro é unha pequena entidade de poboación que, segundo o Instituto Nacional de Estadística, posúe 27 habitantes. Esta situada na parte oriental da provincia de Lugo, a uns 1300 metros de altitude. O motivo esencial de que esta pequena colectividade sexa coñecida dunha maneira universal débese a conexión que tivo dende sempre coas peregrinacións a Santiago de Compostela⁵. Así, é moi probable –segundo nos informa o P. Yepes- que ao comezar as peregrinacións, os monxes de San Bento construísen un mesón-hospital no ano 836⁶.

Dende os seus inicios, os reis favoreceron a este refuxio de peregrinos, declarando de protección real. Así, no ano 1072, Alfonso VI puxo ó fronte deste mesón-hospital ós monxes de Aurillac, ligados a Cluny. Doña Urraca, filla de Alfonso

³ EQUIPO “IR INDO”: GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel e outros. *Galicia en Comarcas. Os Ancares e O Courel*, Vigo: Ed. Ir Indo. La Voz de Galicia, 2005, páxs. 141-145.

⁴ OTERO GARCÍA, Concha.: “Pedrafita do Cebreiro”, en *Galicia, pueblo a pueblo*, La Voz de Galicia. Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial da Xunta de Galicia, 1993, páxs. 1013-1016.

⁵ Na provincia lucense o Cebreiro é a porta de entrada dos peregrinos, que veñen polo Camiño Francés. Segundo o Códex Calixtinus, famosa guía do peregrino medieval, o Cebreiro está situado a nivel espacial na undécima etapa do Camiño Francés, que vai de Villafranca do Bierzo a Triacastela.

⁶ YEPES, Fr. A.: *Crónica General de la Orden de San Benito*, Madrid: Ed. Biblioteca de Autores Españoles, t. II, Madrid, 1960, pág. 78.

VI, doou outro hospital en Pereje –a vinte kms. do Cebreiro- para máis alivio dos peregrinos e desafogo do Cebreiro. D. Fernando II e a súa dona concederon os lugares de Pereje e Zanfoga – este último, a cinco kms. de distancia do Cebreiro. No ano 1189, Alfonso IX doou ao Hospital do Cebreiro o monte de Connania, onde está situado o Cebreiro. Así mesmo, fai doazón de tódolos lugares do seu coto e freguesía. O 13 de xullo de 1369 Enrique II, encontrándose en Triacastela, concedeu ao Priorato e Hospital do Cebreiro o privilexio de que todos os veciños e moradores do coto do Cebreiro e Pereje non pagasen ningún tributo⁷. Este privilexio así como as demais concesións realizadas polos seus antecesores foron confirmados por Xoán I no ano 1379 e polo seu neto en 1420. Todo isto motiva que as propiedades do Cebreiro, como efecto das doazóns, se estendesen ata a rexión do Bierzo. Non embargantes, a decadencia de Aurillac⁸, o sistema de Encomendas⁹, a opresión exercida por cabaleiros¹⁰ sen escrúpulos, así como un incendio acaecido a mediados do século XV, levaron ao Hospital do Cebreiro a un estado ruinoso. Polo tanto, a chegada dos Reis Católicos en setembro do ano 1486, como peregrinos a Compostela, vai ser providencial, xa que a vista do estado calamitoso que amosa o Hospital, adquiren o propósito de redimir ao Cebreiro desta situación de abandono, para que recobre o seu prestixio histórico. Para solucionar esta situación, os Reis Católicos diríxense ao papa Alexandro VI solicitando a anexión do mosteiro de San Vicente do Pino de Monforte e do priorato de San Pedro de Valverde, próximo a Monforte, ao priorato do Cebreiro, e, como consecuencia, este quedaría ligado á S. Bento o Real de Valladolid. O papa accede á petición dos Reis cunha Bula que expide en Roma o 18 de xuño de 1496 pola que o Cebreiro, abandona a dependencia de Aurillac, e pasa a unirse a S. Bento o Real de Valladolid¹¹. O desexo dos Reis Católicos por engrandecer ao Cebreiro queda reflectido non só pola ratificación de todas as doazóns e prerrogativas levadas a cabo polos seus antecesores senón tamén polos novos privilexios concedidos ao longo dos anos. .

O século XVI representa unha época de transición para o Cebreiro. Aínda se seguen expedindo privilexios reais con Carlos V e Felipe III. Así, no ano 1520 Carlos V expide dende A Coruña unha Real Cédula na que confirma todos os privilexios dos seus antecesores e ordena que sexan gardados como o foron ata o intre actual. Tamén a comezos do século XVII (1605) Felipe III expide en Valladolid unha solemne confirmación de todos os privilexios de Nosa Señora do Cebreiro¹².

O século XVII marca xa unha etapa na que se comeza a facer patente a súa decadencia, influíndo unha serie de feitos: 1º. A merma das peregrinacións a Santiago. 2º. O preito do Cebreiro coas súas igrexas filiais de San Martiño de Zanfoga, Santa María Madalena de Riocereixa, San Estevo de Liñares e Hospital da Condesa e, 3º O incendio que tivo lugar no ano 1641. Todo isto posibilita que no ano 1722, o Cebreiro teña que pedir un préstamo de dous mil ducados e, logo, contar co apoio económico do mosteiro de Valladolid do que dependía como priorato. A partir deste século, o declive vaise incrementando co paso do tempo ata que os monxes son expulsados de O Cebreiro como consecuencia das leis desamortizadoras de mediados do século XIX. A última sinatura aparece no Libro de Bautizados nunha partida de data 28 de agosto de 1858,

⁷ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *El Camino de Santiago. Estudio Histórico –Jurídico*, Lugo: Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Deputación Provincial de Lugo, 3ª ed, 2000, páxs. 138-140.

⁸ Nos inicios do século XV Aurillac encontrábase nunha profunda decadencia.

⁹ No século XIV o Cebreiro foi administrado polo sistema de encomendas sendo os abades de Vega de Espinareda os que tiveron ese privilexio tan lucrativo.

¹⁰ Os cabaleiros da montaña baixo o pretexto de protexer o mosteiro adicábanse a roubar as súas rendas.

¹¹ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Ob. cit.*, páxs. 148-150.

¹² VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Ob. cit.*, páxs. 159-160.

sendo o asinante o crego prior desta parroquia, Fr. Xosé Pereiro¹³. Días despois o Cebreiro convértese nunha freguesía máis da diocese de Lugo, que paseniño vai acelerando a súa ruína e abandono, ata que, no ano 1963, a Dirección Xeral de Arquitectura leva a cabo a restauración comezando pola igrexa, o mesón, novas casas para os veciños, e o acondicionamento dunha palloza para Museo Etnográfico. Deste xeito, a nova hospedaría ábrese ao peregrino no ano 1966. Anos despois, e malia algunhas críticas a este labor¹⁴, o Cebreiro foi equipado dos medios necesarios para dar resposta á gran demanda de peregrinos iniciada no 1993 con motivo do Ano Santo Compostelán e que marcou o inicio dunha nova etapa para este lugar de peregrinación.

3. PECUALIARIDADES ARTÍSTICAS DO RECINTO SACRO

Respecto ó santuario, hai que dicir que se trata dun templo parroquial prerrománico do século IX, emprazado un pouco baixo terra para protexerse das fortes treboadas que hai na zona. É de planta irregular construído con cachotes de lousa e sen ventás nos muros. Consta de tres naves de 18 metros, separadas a cada lado por dous grosos piares de granito e rematadas tanto no interior como no exterior en cabeceiras rectangulares. Estas presentan bóvedas de canon, reforzadas por arcos faxóns, que se apoian en piares tanto no lateral norte como sobre os muros laterais. Posúe unha cuberta a dúas augas con cachotes de lousa sobre unha estrutura de madeira. No frontis ten unha torre coa parte inferior formando un porche que amosa catro piares de cachotería e catro vans de medio punto¹⁵.

No interior do templo encóntrase unha pía bautismal, situada, logo de entrar no recinto sacro, á esquerda, no interior dun pequeno local que a deixa illada da nave da igrexa. Esta pía usouse para o bautismo por inmersión, ritual que comezou a decaer no século XIII.

Na nave norte sobresa a capela de San Bento, dedicada a este santo en recordo aos monxes beneditinos, que ergueron y custodiaron esta igrexa dende o ano 836 ao 1853.

No remate da nave dereita está situada a capela do Santo Milagro, que comunica co presbiterio por medio dun arco apuntado e que amosa outros dous da mesma factura, abertos no muro sur para gardar dous sepulcros de índole antropomórfica onde están enterrados o monxe e o labrego, protagonistas do Santo Milagro. Os elementos básicos do mesmo, a saber, o cáliz, a patena e o relicario gárdanse nun bloque monolítico de granito, adosado ao altar da capela lateral sur. Tanto o cáliz como a patena son importantes pezas románicas do século XII, que pasaron ao Catálogo de Arte Románico Europeo.

O cáliz, de pequeno tamaño, presenta un nudo esférico de follaxes calados e unha copa semiesférica. Amosa unha inscrición que, segundo Manuel Rodríguez Sánchez, di así:

Na copa do cáliz: + (Cruz) ***HOC TESTAMENTO SACRATUR***

QVO CUN[C]TIS VITA PARATVR.

No pé do mesmo: + (Cruz) ***IN NOMINE DOMINI NOSTRI IESU XPISTI***

¹³ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Ob. cit.*, pág. 169.

¹⁴ Crítica levada a cabo nun artigo póstumo de Elías Valiña:

“...de novo, lamentablemente, O Cebreiro está sendo vítima de outra nefasta desamortización cultural. Incontrolado, abandoado, sen norma orientativa algunha, érguense arbitrarios chamizos en torno ás casas e pallozas...Son testigos os máis de 15.000 visitantes que o contemplaron en 1988” (publicado na Rev. Lucensia, nº3).

¹⁵ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, 1975, páxs. 128-132.

BEATE MARIE VIRGINIS ¹⁶.

Tradución rimada: **CON ESTE TESTAMENTO SE CONSAGRA
(AQUELLO) QUE A TODOS VIDA SE PREPARA.
EN EL NOMBRE DEL SEÑOR NUESTRO JESU-CRISTO
Y DE LA BIENAVENTURADA VIRGEN MARÍA.**

A patena é lobulada no seu interior e presenta un sinxelo deseño de Cristo bendicindo, segundo a forma grega.

Ambos os dous elementos foron presentados na Exposición Eucarística, que se celebrou en Lugo no ano 1896, coincidindo co 2º Congreso Eucarístico. Nela houbo 16 cálices¹⁷. Tanto o cáliz como a patena aparecen descritos na Crónica do Congreso do seguinte xeito:

“ ...Un é aquél do Cebreiro onde se verificou o Milagro, consignado na bula de Inocencio III (1487) de convertirse a hostia en carne, e o viño en sangue, despois de consagrados por un presbítero de pouca fe. É de pequeno tamaño cun nudo esférico de follaxes calados e copa semiésférica coa inscrición: IN NOMINE DOMINE NOSTRI IESV XPI ET BEATE MARIE. La patena que lle acompaña ten no medio de de seis lóbulos refundidos unha mano grabada, bendicindo á grega ”¹⁸.

O relicario foi unha doazón dos Reis Católicos, logo do seu paso polo Cebreiro, co fin de que as reliquias se conservasen dun xeito digno. Trátase dunha caixiña de prata duns 15 * 15 cm., que amosa no seu interior dous fanais de cristal de roca, nos que se achan os restos das Sagradas Reliquias. *“ O Cebreiro na vida de Fernando e Isabel é un hito importante, unha gran experiencia vivida con sorpresa e admiración. Adoran o Santo Milagre e escoitan dos beizos dos monxes e labregos as tradicións relixiosas do lugar...Isabel e Fernando non se contentan con veneralo. Procuran que tan preciosas reliquias non estean á intemperie e ordenan que se coloquen nunha redoma de cristal na que son exhibidas en diante a ós peregrinos ”¹⁹.*

Durante a guerra da Independencia, as reliquias e o Cáliz do Cebreiro, gardáronse na localidade de Foxos, que permaneceu inmune ante a invasión.

Nesta capela, tamén se encontra a imaxe de Santa María a Real, que amosa trazos románicos do século XII, aínda que a beleza ideal do seu rostro indícanos que esta parte non é anterior ó século XIII. *“ ...esta efigie estaba comprendida en el primer tipo de la iconografía mariana, o sea el hierático; sentada sobre un taburete o silla de pequeñas proporciones, pies calzados y cubierta con manto que cae por igual a ámbos lados, plegando los paños al final de modo ampuloso y simétrico de poco resalte...y ostentando pintado en el pecho el Santo Grial o Cáliz en que se realizó el Milagro. Cúbrese la imagen con amplio manto de seda azul celeste y está en actitud propia con el Niño sostenido en el brazo izquierdo ”²⁰.* O nome da imaxe está vinculado á protección real, que tivo este santuario dende sempre. Esta advocación tivo, segundo Elías Valiña, restauracións defectuosas ó longo da historia. A última foi realizada, no ano 1971, por Alfonso Sanmartín, escultor compostelán. Polo tanto, é habitual escoitar entre os lugareños do Cebreiro que a imaxe inicial da Virxe foi cambiada no transcurso das diferentes restauracións.

¹⁶ RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel.: “La inscrición del cáliz do Cebreiro. Estudio lingüístico del texto”, en *Lucensia n° 32*, Lugo, 2006, páxs. 75-80.

¹⁷ [http: diócesis de Lugo /org/ cebreiro](http://diócesisdeLugo.org/cebreiro). CASTRO ALBA, José.: Descrición e Historia do Cebreiro.

¹⁸ VILLAAMIL Y CASTRO, José.: Artigo publicado na “*Crónica do 2º Congreso Eucarístico*” celebrado no mes de Agosto do ano 1896 en Lugo, 1896, páxs. 642-647.

¹⁹ GARCÍA ORO, José.: Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza. Santiago de Compostela: Biblioteca de bibliófilos gallegos. Biblioteca de Galicia. 1977, páx- 179.

²⁰ ALVILARES, José.: *O Cebreiro*, A Coruña: Imp. Moret, 1956, páxs. 41-42.

Así mesmo, no antigo altar maior, hai unha talla recente dun Cristo, xa que a orixinal pensábase que estaba no museo de Escultura de Valladolid aínda que había autores que dicían que radicaba no Museo de Arte Sacra de Madrid “ *En el altar mayor se muestra una réplica del Cristo crucificado, cuyo original se encuentra depositado en el Museo de Escultura de Arte Sacra de Madrid*”²¹ . Non embargantes, no mes de Xaneiro do 2015 o conservador do Museo de Escultura de Valladolid confirmou que o devandito Cristo non figura nos seus fondos ²² .

A igrexa serviu de morada aos peregrinos, o que deu lugar a que o templo sufrise incendios nos anos 1450 e 1641. Na actualidade, as paredes vermellas do seu interior reflicten estes feitos.

Por outra banda, o templo mariano, ademais da restauración levada a cabo no ano 1963, tivo unha última entre os anos 2001 e 2003, que foi promovida pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e que supuxo unha inversión total de 187000 euros. Os traballos de restauración tiveron como obxectivos, renovar a cuberta da igrexa, reparar toda a estrutura horizontal da torre, e repoñer a tarima e balaustrada do interior da igrexa.

4. LENDA SOBRE O SANTUARIO DO CEBREIRO. O SANTO MILAGRE

A sona do Cebreiro debeuse sen dúbida ao Santo Milagro, que os peregrinos que viñan a Santiago encargáronse de espallar polo resto de Europa. A maioría de autores coincide en manifestar que este evento tivo lugar nun tempo cercano ao comezo do século XIV. Non embargantes, algún autor aporta unha data concreta. Así o pensador Antonio Rodríguez Rodríguez afirma que, segundo a tradición e a lenda, no templo de Santa María a Real do Cebreiro gárdase o viño, que foi convertido en sangue no ano 1212, no interior dunha redoma de cristal²³. Tamén hai quen sitúa o milagre no século VI, baseándose nunha acta do Concello de Lugo, onde se mencionaba que o privilexio da exposición permanente do Stmo. Sacramento da Eucarística data dese século. De todos os xeitos o primeiro dato histórico sobre este acontecemento procede da “bula pontificia” de Inocencio VIII no ano 1487, na que describe o milagre e fai alusión ao estado ruinoso que amosaba o Cebreiro. Logo, no ano 1496, Alexandre VI fai mención tamén ao milagre e refire que xa se conserva con toda decencia²⁴.

Ao longo da historia houbo unha serie de escritores que narraron o Santo Milagre dende diferentes ópticas mais sen alterar a súa idea esencial. Así citamos ao Licencido Molina (1550)²⁵, a Ambrosio de Morales (1513-1591)²⁶, a Fr. Yepes (comezos do século XVIII)²⁷. Tamén ao peregrino Doménico Laffi ²⁸, ao Pelegrino Curioso ²⁹, Leandro Carré (1888-1976), etc.

Un das testemuñas clásicas e que máis datos aporta sobre o Milagro do Cebreiro é a de P. Yepes, cronista beneditino. Alude ao Milagro da seguinte maneira:

²¹ LÓPEZ VILLARABID, Víctor.: *O Cebreiro*, León: Ed. Everest, páx. 18.

²² MOURE SALGADO, Xavier.:

²³ LÓPEZ POMBO, Luís.: *O Cebreiro. Apuntamentos históricos e documentais*, Lugo: Deputación Provincial, 2013, páx. 34.

²⁴ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Ob. cit.*, 2000, páxs.152-153.

²⁵ MOLINA, B.S. de.: *Descripción del reino de Galicia*, Mondoñedo: Ed. Bibliófilos Gallegos, 1949.

²⁶ MORALES, A.: *Viage de Ambrosio de Morales a los reinos de León, Galicia y Principado de Asturias*, Madrid: 1765, paxs. 165-167.

²⁷ YEPES, Fr. A.: *Crónica General de la Orden de San Benito*. Madrid: Biblioteca de Autores Españoles, t. II, 1960, páx. 78.

²⁸ LAFFI BOLOGNESE, D.: *Viaggio in Ponente a san Giacomo di Galitia*, Bolongna: 1681, páx. 191.

²⁹ VILLALBA Y ESTENZA, B.: *El Pelegrino Curioso y Grandezas de España*, Madrid: Ed. Soc. Bibliófilos Españoles, 1886, t.I, páx. 373.

“...Cerca de los años de mil e trescientos había un vecino vasallo de la casa del Zebrero, en un pueblo que dista media legua, llamado Barjamayor, el cual tenía tanta devoción con el santo sacrificio de la misa, que por ninguna ocupación ni inclemencia de los tiempos recios falta de oír misa. Es aquella tierra combatida de todos los aires, y suele cargar tanta nieve que no sólo se toman los caminos, pero se cubren las casas, y el mismo monasterio, iglesia e hospital suelen quedar sepultados, y allá dentro viven con fuegos y luces de candelas, porque la del cielo en muchos días no se suele ver y si la caridad (a quien no pueden matar ríos ni cielos) no tuviese allí entretenidos a los monjes para servir a los pobres, parece imposible apetercerse aquella vivienda. Un día, pues, muy recio y tempestuoso lidió y peleó el buen hombre y forcejeó contra vientos, nieves y tempestades; rompió por las nieves y como pudo llegó a la iglesia.

Estaba un clérigo de los capellanes diciendo misa, bien descuidado de que en aquel tiempo trabajoso pudiese nadie subir a oír las misas. Había ya consagrado la hostia y el cáliz cuando el hombre diciendo: - ¡ Cuál viene este otro con una tan grande tempestad tan fatigado a ver un poco de pan y vino!- El Señor, que en las concavidades de la tierra y en partes escondidas obra sus maravillas, la hizo tan grande en aquella iglesia, a esta sazón, que luego la hostia se convirtió en carne y el vino en sangre, queriendo su Majestad abrir los ojos de aquel miserable ministro, que había dudado, y pagar tan gran devoción como mostró aquel buen hombre viniendo a oír misa con tantas incomodidades. Estuvieron mucho tiempo la hostia vuelta en carne en su patena y la sangre en el mismo cáliz donde había acontecido el milagro, hasta que, pasando la reina doña Isabel en romería a Santiago y hospedándose en el monasterio del Cebrero, quiso ver un prodigio tan raro y maravilloso, y dicen que entonces, cuando lo vió, mando poner la carne en una redomita y la sangre en otra, adonde hoy día se muestran...En el mismo cáliz, que hoy día se conserva y muestra, está todavía la señal de la sangre, y todas estas cosas se sacan en procesión el día de Corpus y los de Ntra. Señora de agosto y de septiembre, en los cuales acude mucha gente por gozar del milagro y de las indulgencias... ”³⁰.

No intre actual e dende a miña perspectiva unha reactualización do relato, seguindo á tradición, quedaría reflectido da seguinte maneira:

“A tradición fai referencia a que preto dos inicios do século XIV un monxe do mosteiro esta oficiando a misa diaria na humilde igrexa do Cebreiro. Agás os domingos e días festivos, ninguén adoitaba acudir a oír a misa. Polo tanto, o crego estaba afeito a cumprir o seu labor sen fieis, e máis ese día que habia unha forte treboada de neve. Cal sería a súa sorpresa, cando xa iniciado o ritual, chegou un home do lugar de Barxamaior, parece ser que da familia dos Santín, que malia o mal tempo reinante desexaba participar na eucaristía. O monxe mirou de cara ao fregués, e, mentres realizaba o acto da consagración, pensaba como podía vir un fregués, co día que facía, a ver como levantaba un anaco de pan e unha copa de viño.

Nese intre, o crego, que amosara tal falta de fe, apreciou como a hostia se convertía en carne viva e o viño se volvía sangue. Mentres tanto, alguén, situado preto do altar, contemplaba o acto da transmutación. Era a imaxe de Santa Maria, que baixaba a cabeza en sinal de veneración. O crego, arrepenido da súa actitude, pediulle perdón ó Señor, mais caeu desvanecido na igrexa. O home, que levaba pouco tempo no interior da igrexa, apresurouse a atender ao crego mais xa non puido facer nada. Morrera.

Logo, os monxes do Cebreiro foron amosando aos peregrinos a copa co sangue, que non coagulaba, e a patena na que o pan volvérase carne.

³⁰ YEPES, Fr. A., *Ob. cit.*, páxs. 80-81.

Tempo despois a rainha Isabel a Católica, cando se dirixía a Santiago de Compostela en peregrinación, hospedouse no mosteiro, e, tras contemplar o prodixio sagrado, donou ao templo as cápsulas, onde aínda se conservan as reliquias do ritual

Ademais, a tradición popular menciona que a rainha tentou levar estas reliquias do Cebreiro, debido a que non recibían o culto axeitado. Polo tanto, un bo día saíu a comitiva rexia coas reliquias cara a Castela. Non embargantes, ao chegaren a Perexe, onde había un hospital dependente do Cebreiro, os cabalos detivéronse e non houbo xeito de que continuasen. Isto motivou que deixaran aos cabalos libres para que collesen a dirección que eles considerasen oportuna. Os animais, libres de ataduras, retornaron ás portas da igrexa de Santa María do Cebreiro.

No relato do P. Yepes faise alusión ao lugar de procedencia do veciño, que vai oír misa á igrexa do Cebreiro. Así fala de “Barjamayor”, mais non nos di nada do seu nome así como do nome da casa de procedencia. Pola contra nos relatos do século XX en adiante xa se dí o nome do veciño, ou a casa de procedencia. Así, faise mención a “casa de Santín” ou dise “Juan Santín”. Así mesmo, mentres o P. Yepes fai mención a tres festividades: a do Corpus; a da Nosa Señora (15 de Agosto); e a da Nosa Señora de Setembro (8 e 9), ás que acudían moitos devotos para ver ás reliquias, que saían na procesión, nas narracións deste evento tanto no século XX como no actual adoita mencionarse a festividade do mes de Setembro.

Por outra banda, ao longo da historia houbo milagres eucarísticos anteriores³¹ e posteriores³² ao do Cebreiro. A súa finalidade, segundo a época na que tiveran lugar, era a defensa do cristianismo fronte aos cultos precristiáns –considerados como pagáns-; a apoloxía da ortodoxia cristián fronte as herexías imperantes – albixenses, maniqueos, cátaros ...-; a protección da ortodoxia católica fronte á reforma protestante, o que motivou a aparición do movemento contrarreformista; a defensa da ortodoxia católica fronte ao laicismo ...

5. O SANTO GRIAL (GRAAL) DO CEBREIRO

Na escrita, o termo Grial é de uso inapropiado: xa tanto en francés antigo como en galaico-portugués escribíase “Graal”. Trátase do cáliz que usou Xesús na última cea e no que Xosé de Arimatea apañou o seu sangue, que saía da ferida realizada polo centurión romano Caio Casio Lonxino coa súa lanza, cando Xesús Cristo pendía da cruz.

Dende o punto de vista literario o mito do Graal comeza no século XII co poema “Parceval” de Chrétien de Troyes, a primeira versión conservada e a que máis influíu no imaxinario colectivo medieval³³. Non embargantes, as orixes do Graal en Parceval motiva a aparición de dúas tendencias: unha, defendida por Jessie Weston, facía alusión

³¹ Scete (Egipto). Séculos III-V; Roma (Italia) (595); Lanciano (Italia) (700); Iborra (España) (1010); Bettbrunn (Alemania) (1125); Blaine (Francia) (1153); Ferrara (Italia) (1171); Augsburgo (Alemania) (1194); Brujas (Bélgica) (1203); Rimini (Italia) (1227); Caravaca de la Cruz (España) (1231); Santarem (Portugal) (1247); Slavonice (Checoslovaquia) (1280); Colotowo (Polonia) (1290); Bredas (Holanda) (1300)...

³² Fiecht (Austria) (1310); Viversel (Bélgica) (1317); Casia (Italia) (1330); Waldurn (Alemania) (1330); Blanot (Francia) (1331); Stiphont (Holanda) (1342); Alborada (España) (1348); Macerata (Italia) (1356); Poznan (Polonia) (1399); Erding (Alemania) (1417); Turín (Italia) (1452); Montserrat (España) (1657); Les Ulmes (Francia) (1668); Patierno (Italia) (1772); Onil (España) (1824); Saint André (Isla de la Reunión) (1902); Tumaco (Colombia) (1906); Rosano (Italia) (1948); Betania (Venezuela) (1976); Chirattakonam (India) (2001); Florencia (Italia) (2003)...

³³ MOURE SALGADO, Xavier.:

a que nos misterios do Graal había referencias a un conxunto de ritos pagáns de renovación vital da natureza, relacionados con cultos antigos da fertilidade³⁴; a outra é sostida por aqueles que perciben que o graal é un símbolo de protección cristián, en suma un talismán. Polo tanto, o fundamento mitolóxico e pagán ten pouca relevancia.

Tamén no século XII, Robert de Boron, borgoñés, foi o primeiro en desenvolver e dar unha interpretación cristián á historia das orixes do Graal, ou Vaso Santo. Case coetáneas ás versións de Chretien de Troyes e Boron, son o Peredur galés, o Perlesvaus francés e o xermano Parzival. O Peredur galés cercano ao prototipo céltico é a única versión que non considera ao Graal como santa reliquia cristián. O Perlesvaus francés recalca o simbolismo cristián do Graal e da procura de Perceval. O Parzival (Parsifal) de Wolfram vom Eschenbach é a versión máis complexa das tres. A mosca a un renovado Parsifal, entrañable e humano; e, tamén nunha constante e desesperada procura³⁵.

Este mito quedou esquecido durante longo tempo ata que Wagner utiliza o tema no seu Parsifal (1882). Logo, no século XX, autores como Anxo do Castelo, Huidobro, Arias San Xurxo, e o mesmo Elías Valiña, fan mención de que o Cebreiro co seu Milagro proporcionou a Wagner o tema para a composición do Parsifal. Así, o famoso país de Parsifal é Galicia; o templo indestructible sito na montaña, o Santuario do Cebreiro; e o Grial misterioso, o Cáliz do Cebreiro³⁶.

6. VOTOS DOS VECIÑOS DO CEBREIRO

O 11 de xullo de 1820 os veciños desta comunidade acordan levar a cabo unha serie de votos na honra da Nosa Señora do Cebreiro e do Santo Milagro, reflectidos no seguinte texto:

“En el Nombre de Dios Todo Poderoso, Padre, Hijo e Espíritu Santo, La Sma. Trinidad, Ntra. Señora del Cebrero Patrona, y Abogada ntra. y del Smo. Milagro, que se venera en esta Santa Iglesia bajo el Título de Santa María la Real .

Todos los Feligreses en general y cada uno en particular en presencia de Nro. Muy Rdo. Cura Fr. Benito Carcamo, que Ds. guarde, atendiendo a que estamos bajo la protección y amparo de Nra. Patrona (Nra. Sra. del Cebrero) del Smo. Milagro, y que experimentando cada día los singulares favores del cielo, cual todo Montañés, desecho en lenguas, no podemos menos de confesar por la poderosa intercesión de esta Divina Madre y Su Smo. Hijo, que siendo nuestro consuelo en todos los apuros, nuestro remedio en todas las afliciones y desgracias, nuestra esperanza en todos los buenos deseos, qual hijo, que espera en su Padre lograr cuanto le pida; sin comparación en estas Antorchas del Cielo esperamos todos, los que somos suios; reconocidos de tantas gracias, y parece que sería tener a Dios escondido, si venerando, como veneramos, y creemos firmemente, que el Preciosísimo Cuerpo, y la Sacratísima Sangre de Nro. Redentor Jesu-Cristo está en las Sagradas ampollas de Christal, en las que (según refiere la Historia) mando poner con toda decencia la Reyna Dña. Isabel, Cuio Milagro mas hace de quinientos años sucedió, como lo refiere el Historiador Yepes en su Crónica General de Sn. Benito Año de Christo 836 del Patriarca Sn. Benito 356, Fol. 64, no nos prometiésemos, como nos prometemos, fijar un día festivo haciendo, como hacemos un voto particular de la Parroquia de guardar el día nueve de Septiembre, en que nos obligamos a suspender toda labor, y dedicarnos a ofrecer nuestros votos, darle gracias y solemnizar la fiesta en su Sto. servicio, y provecho de nuestras Almas.

³⁴ BEDNAR, J.: *La spiritualité et le symbolisme dans les oeuvres de Chrétien de Troyes*, Paris, 1974.

³⁵ DE RIQUER, Martín.: *La leyenda del graal y temas épicos medievales*, Madrid: Prensa Española, 1968, pp.91-92.

³⁶ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Ob. cit.*, 2000, pág. 157.

Así nos lo prometemos, así lo esperamos cumplir, mediante la gracia y auxilio de Dios del Santo Milagro, y de la Virgen nuestra Patrona.

Así lo queremos, y firmamos los que sabemos, en presencia de Nuestro Cura que al presente lo es en esta Villa del Cebrero a 11 de Julio de mil ochocientos veinte.

Benito Carcamo, José López, Bernardo de Revollal, Bernardo López, Benito Pérez, Juan Santín, Tomás Bosamal, Joseph del Valle, Juan Núñez, Bernardo de Rivollal, José de Freijo, Basilio Goá, Benito Espín, Juan Gallardo, Manuel Porto, Juan González, Manuel Carballo, Francisco Pérez, Pedro Díaz, Pedro Pérez, Juan de Espín, Manuel Pérez, Joan García,” firmado³⁷.

7. PIEDADE POPULAR

Na igrexa de Santa María do Cebreiro, conmemórase, o día 8 de setembro, a festividade de Santa María a Real; e o día 9, o Santo Milagre. Námboles dous días acoden centos de devotos de diferentes lugares de Galicia, dun xeito preferente da provincia lucense. Ademais, o día 9, veñen moitos fieis da comarca Berciana de León, ó ser festivo en toda a provincia. *“Las fiestas de los días 8 y 9 de setiembre se han convertido en uno de los centros de romería más importantes de Galicia y León. Millares de peregrinos se acercan a venerar el Santo Milagro y la Virgen del Cebrero...El Santuario de las Altas Cumbres se convierte en centro de cita para millares de leoneses y gallegos. El día 8 era de los gallegos, el 9 de los leoneses...El día 9 concurren en mayor número, gallegos y leoneses, todos hermanados para implorar la protección divina”*³⁸. *“A romaría xunta nos dous días a unhas 30.000 persoas de Lugo e León...”*³⁹.

7.1. PEDIMENTOS E RITUAIS

En xeral, os devotos ofrécese por si mesmos, aínda que hai ocasións nas que actúan como substitutos doutras persoas, que non poden vir por algún motivo case sempre ligado con doenzas. Isto queda reflectido dun xeito preferente cando o devoto ofrece máis dunha misa e acende máis dun “velón”. Algúns veñen logo de que a divindade lles atende o pedimento. Pola contra, outros acoden, suplicantes, para que o ente sagrado medie perante diferentes peticións. Entre as máis usuais facemos alusión ás doenzas humanas, á mellora nas colleitas, matrimonio, por traballo, por problemas de índole familiar e social etc. *“Saúde, destino, matrimonio, sorte e axuda nos negocios son os pregos máis frecuentes dos romeiros de toda Galicia”*⁴⁰.

Agora ben, a petición vai vinculada ao cumprimento dunha serie de promesas reflectidas nos rituais e ofrendas que imos ver a continuación.

No que atinxe aos rituais e prácticas penitenciais, un costume aínda vixente é o de vir andando dende o seu lugar de orixe. Así, hai devotos que acoden a pé dende diferentes concellos da provincia lucense, como Becerreá, as Nogais, Pedrafita, e Triacastela; e tamén dalgunhas vilas leonesas da comarca do Bierzo, dun xeito preferentes de Vilafranca e Vega de Valcarcel. Segundo Marta Castro Alba⁴¹, aínda hai algúns devotos, que soben descalzos dende a vila de Pedrafita, se o tempo acompaña.

³⁷ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: “Cebrero, Sta. María la Real. Libro de Costumbres de la Parroquia del Cebrero, 4º fol., perg., 1819, fols.73, blancos”, en *Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*. Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1991, páx- 166.

³⁸ VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Ob. cit.*, 2000, páxs. 171-172.

³⁹ GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997, páx. 166.

⁴⁰ FRAGUAS, Antonio.: *Romarías e Santuarios*, Vigo: Galaxia. Biblioteca Básica da Cultura Galega, 1988, páx. 143.

⁴¹ Informante de Pedrafita do Cebrero.

Tamén, hainos que van descalzos na procesión. Antano, a comezos da década dos trinta do século pasado había romeiros que viñan descalzos dende localidades do Bierzo e Sarria⁴².

Logo de que os fieis chegan ó recinto sacro oen unha das misas, que son oficiadas polos frades franciscanos⁴³ dende primeiras horas da mañá ata xa moi entrada a tarde. A misa cantada da unha da tarde é concelebrada por varios frades e, se o tempo o propicia, lévase a cabo nun campo situado por detrás do santuario para engadir espacio que permita aos fieis poder asistir ó ritual do xeito máis comfortable posible⁴⁴.

Ao remataren estes oficios relixiosos, sae a procesión que reviste a seguinte disposición respecto aos seus elementos:

En primeiro termo, vai a cruz parroquial⁴⁵, dous pendón e un estandarte, levados por fregueses e devotos dámbolos dous sexos; logo, a imaxe da Virxe levada nas andas por devotas súas, ataviadas co traxe de galegas. Como remate, os frades concelebrantes e os fieis, colocados sen distinción de idade e sexo. Ao día seguinte, a procesión reviste case a mesma estrutura, xa que hai que engadirlle os elementos propios do Santo Milagre, que son portados por un frade baixo palio.

Ademais da participación na liturxia oficial, os ofrecidos realizan diferentes rituais populares. En primeiro termo lévase a cabo o “ritual de circunvalación” ó redor da advocación mariana, situada na capela do Santo Milagro. Este rito é habitual realízalo de pé e calzado, nembargantes hai uns poucos devotos que o levan a cabo de xeonllos. Así mesmo, o número de voltas que hai que dar ó redor da imaxe, é variable. Así, temos que unha devota de Cervantes veu ofrecida a dar 15 voltas ao seu redor por un pedimento que lle outorgou a Virxe e, ademais, por outros familiares.

Por outra banda, ao mesmo tempo que os devotos levan a cabo este ritual, están realizando tamén un ritual de contacto coa advocación mariana, ben bicando o seu manto ou pasando os seus panos pola imaxe cos que logo tocan algunhas partes dos seus corpos cunha finalidade preventiva e curativa. Outras manifestacións deste ritual de contacto podemos aprecialas cando os devotos bican o relicario do Santo Milagre, que un crego sostén mentres se realiza a cerimonia; tamén, ao pasar as súas mans e panos polo sagrario, situado na capela do Santo Milagro, e polos pés e perizoma da advocación de Cristo, que se encontra no altar central. “*En los actos religiosos se daba a besar la sagrada reliquia de la Transubstanciación*”⁴⁶.

7.2. OFRENDAS

A relixiosidade popular ten, ademais dunha dimensión práctica, un compoñente de pacto baseado na reciprocidade, que esixe do devoto a entrega dalgún ben para propiciar ao ente sacro ou para compensalo polo favor recibido. Por iso é común que se depositen diversas ofrendas no interior do templo. Unha moi xeral é a dos “velóns de cera” –círios pequenos- que os fieis adquiren ben nun posto de venda de cera, situado no exterior do santuario, ou no que está colocado no lado dereito da entrada ao mesmo. Logo, depositáanos, acesos, tanto no exterior do santuario como no seu interior. Con

⁴² O noso patrimonio.blogspot.com.es. O Cebreiro. Entre a Historia e a Lenda. As festas do Santo Graal do Cebreiro (folleto do ano 1927). Xavier Moure Salgado.

⁴³ A Orde franciscana asumiu hai uns cinco anos as funcións de dirección e administración do Santuario do Cebreiro.

⁴⁴ Algún exemplo. Mentres que no ano 2005 este ritual só puido realizarse no ámbito exterior o día 8 de setembro, pola contra no ano 2014 tamén se celebrou o día 9.

⁴⁵ A finais do século XX, na procesión ía en primeiro termo a cruz parroquial; a ambos dous lados os ciriais; dous pendóns; e dous estandartes, levados por fregueses e devotos dámbolos dous sexos.

⁴⁶ O noso patrimonio.blogspot.com.es. O Cebreiro. Entre a Historia e a Lenda. As festas do Santo Graal do Cebreiro (folleto do ano 1927). Xavier Moure Salgado.

respecto ao exterior hai un espazo, ubicado ao carón da parede lateral esquerda do recinto sacro, onde os devotos entregan esta ofrenda a dúas persoas, ligadas coa administración do santuario, que as depositan nuns lampadarios metálicos existentes para tal fin. En canto ao interior, hai dous lugares básicos: un, emprazado na parte inferior de onde está colocada a advocación mariana do Cebreiro para a súa veneración; e o outro situado na parte superior de ambos os dous sepulcros⁴⁷, que se encontran na capela do Santo Milagre, adosados á parede lateral esquerda.

Outra ofrenda son as esmolos en metálico, que adoitan entregarse no petitorio colocado ó pé da advocación mariana, no interior da pía bautismal, e no intre de pasar as mans polo sagrario da Capela do Santo Milagro.

Así mesmo, hai devotos que ofrecen estipendios en misas, cada unha das cales vale 10 euros. En ámbolos dous días de festividade, calcúlase que pode haber unha ofrenda cercana a 500 misas. *“O prezo de cada misa era de cincocentas pesetas no ano 1994 e a mediados da primeira década do presente século de 8 Euros”*⁴⁸. Con respecto a esta ofrenda, xa a finais do primeiro tercio do século XX o administrador do Santuario dictamina o seguinte: *“Por decreto de nuestro Ilmo. Sr. Obispo de fecha 11 de enero del corriente año (1930) se prohíbe a los sacerdotes tanto seculares como regulares recibir estipendios inferiores al diocesano, el que en virtud del mismo decreto se establece que la tasa diocesana para estipendios de Misas manuales (as ofrecidas polos fieis por propia devoción) en este Obispado será de tres pesetas”*. *“Se colectarán misas manuales de tres pesetas para distribuir entre los señores sacerdotes de la diócesis prefiriendo los inmediatos”*. *“Las misas locales, sin determinación de día ni hora, se celebrarán en este Santuario a tenor del canón 836, al estipendio de tres pesetas y cincuenta céntimos”*. *“Cuando por los fieles se exija un día previamente convenido, el estipendio será de cuatro pesetas, siendo la hora antes de la diez de la mañana”*. *“En los días de fiesta u otros después de la diez de la mañana, la limosna será de cinco pesetas”*. *“Las misas cantadas sin fijación de día será de diez pesetas”*. *“Las solemnes veinticinco pesetas”*⁴⁹.

Tamén, uns poucos fregueses seguen traendo, segundo Montse Castro Alba⁵⁰, uns saquiños de cereal coa finalidade de que haxa unha boa colleita ou en agradecemento porque a anterior foi boa.

Finalmente, algúns devotos achegan ramos de flores; e, tamen, figuras de cera, que simbolizan ó corpo humano, total e parcialmente.

O cumprimento dos diferentes rituais e ofrendas non só se realizan os días da festividade do santuario, senón que en calquera domingo do ano acoden devotos doutras comunidades para implorar á Virxe todo tipo de peticións.

Por outra banda, os oficios relixiosos de ámbolos dous días complementáanse cunha dimensión laica e profana, na que os fieis en xeral gozan dun tempo de lecer, mercan produtos de diversa índole, entre os que hai que salientar as rosquillas, a roupa e os produtos alimenticios. Tamén hainos que xantan o polbo o uns anacos de churrasco baixo os toldos dos tres postos, que están emprazados no campo da festa. Á noite algúns fregueses e mozos doutros concellos toman parte na verbena.

⁴⁷ Námboles dous sepulcros están os restos do frade beneditino, que misaba cando tivo lugar o prodixio, es os do veciño de Barxamaior, que contemplou o evento.

⁴⁸ BLANCO PRADO, José Manuel.: *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*, Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 138.

⁴⁹ O noso patrimonio.blogspot.com.es. O Cebreiro. Entre a Historia e a Lenda. As festas do Santo Graal do Cebreiro (folleto do ano 1927). Xavier Moure Salgado.

⁵⁰ Informante de Pedrafitia, xa citada.

8. CONSIDERACIÓNS FINAIS.

O santuario do Cebreiro, por medio da lenda referida ao acto eucarístico, patentiza a presenza dun ser intanxible e sagrado nesta comunidade. Hai polo tanto unha relación entre o humano e o sagrado. Compre dicir que o sentido de posesión da advocación mariana e das santas reliquias non se fundamenta, dun xeito preferente, no seu valor artístico e pecuniario, senón no poder que posúen por si mesmas e para a comunidade propietaria en canto que constitúe un importante símbolo de referencia e identidade. A lenda ten un carácter trascendente e transmite conceptos fundamentais da cosmovisión do grupo social no que se xera e difunde.

Este santuario está situado nunha igrexa parroquial, mais trascende a súa ubicación concreta xa que a súa sona chega máis alá do contorno inmediato, non só de cara a Galicia, e máis concretamente á provincia de Lugo, senón tamén á comarca berciana de León. A vitalidade deste recinto sacro está fóra de dúbida, recibindo nos nosos tempos a centos de persoas cada ano non só os días da festividade, senón tamén calquera domingo do ano. Agora ben, sen milagres non hai posibilidade de crear devoción. E isto é así xa que os portentos se difunden entre os romeiros Non embargantes, ó ser o Cebreiro un lugar importante no camiño francés, case tódolos días do ano o santuario recibe a visita dalgúns peregrinos. Algúns acoden con devoción para venerar a advocación mariana e as santas reliquias. Outros, fano máis ben por curiosidade e para contemplar a dimensión artística do templo.

Tanto a advocación mariana como as reliquias do Santo Milagro actúan dentro dunha mentalidade cristiá como mediadoras perante Deus, e chegan a posuír todo o seu poder sobrenatural mediante un proceso que o antropólogo *Joan Prat* define como *condensación simbólica*. Con elas tense unha interacción fundamentada en signos lingüísticos e corporais encamiñados a acadar o seu amparo e indulxencia.

Esta graza sacra está, como sucede con toda a relixiosidade popular, suxeita a un intercambio baseado no principio de *dou para que me deas* . Por tanto, a promesa a divindade reproduce dun xeito claro o sistema social vixente, no que polo xeral se moven as relacións humanas en función do sentido da racionalidade pragmática e na actuación de intermediarios que teñen como finalidade acadar certas metas a cambio de cartos ou dunha posterior prestación cando chegue o momento axeitado. Segundo *Marcial Gondar* cando o campesino mercantiliza as súas relacións religiosas...o que tenta é traducilas a unha dialéctica coñecida, que lle proporciona dúas vantaxes fundamentais: a comprensión pragmática dunha interacción, de por si misteriosa, entre o natural e o sobrenatural, e unha certa seguridade ou dereito emanante da reciprocidade co intermediario. Por iso os romeiros depositan esmolas e outras ofrendas, dando así cumprimento a súa parte no trato.

Non embargantes, a comunicación coa imaxe e as santas reliquias require de actos penitenciais propiciadores da graza divina. Así, no santuario do Cebreiro aparecen signos vinculados coa penitencia, como ir caminando dende o lugar de orixe dos devotos. Caminar é a forma máis sinxela de purificación e mortificación corporal. O carácter penitencial da romaxe está ligado ao esforzo que debe realizar o ofrecido para chegar á meta romeira, acumulando deste xeito méritos que propicien ao ente sacro.

Por outra banda, a dimensión sacra transmítese ao exterior, dun xeito directo, por medio da procesión. As imaxes que saen na mesma, santifican o espacio xeográfico que percorren, proporcionando unha enerxía positiva a todos os seres que se encontran no mesmo. Respecto á disposición da procesión, hai unha serie de trazos básicos: dentro da comunidade local é algo que chega vitalmente aos fregueses. Ademais, é mester reparar nas imaxes, no xeito de levalas, no pobo que participa e no que mira, así como no espírito da celebración reflectido en cantos, rezos, e mesmo no silencio.

BIBLIOGRAFÍA.

- ALVILARES, José.: *O Cebreiro*, A Coruña: Imp. Moret, 1956, páxs. 41-42.
- BLANCO PRADO, José Manuel. *Exvotos e rituais nos santuarios lucenses*, Lugo: Deputación provincial, 1996, páxs. 137-140.
- DELGADO GÓMEZ, Jaime. *El camino francés de Santiago en su tramo lucense*. Hércules de Ediciones S.A, 1993, páxs. 27-32.
- EQUIPO “IR INDO”: GUZMÁN LÓPEZ, Cristina; IGLESIAS PÉREZ, Montserrat; MIRAMONTES CARBALLADA, Ángel e outros. *Galicia en Comarcas. Os Ancares e O Courel*, Vigo: Ed. Ir Indo. La Voz de Galicia, 2005, páxs. 141-145.
- FRAGUAS, Antonio. *Romarías e Santuarios*, Vigo: Ed. Galaxia. Biblioteca Básica da Cultura Galega, 1988.
- GARCÍA ORO, José.: *Galicia en la Baja Edad Media. Iglesia, señorío y nobleza*, Santiago de Compostela: Biblioteca de bibliófilos gallegos. Biblioteca de Galicia, XVII, 1977.
- GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997.
- LISTA OMayra. *Santuarios con Leyenda*. Galicia en guías 2005, nº 13. La Voz de Galicia, páxs. 54-57.
- LÓPEZ POMBO, Luís. *O Cebreiro. Apuntamentos históricos e documentais*, Lugo: Deputación de Lugo, 2013.
- LÓPEZ VILLARABID, Víctor.: *O Cebreiro*, León: Ed. Everest
- MARIÑO FERRO, Xosé Ramón. *Santuarios mágicos de Galicia*. Vigo: Ed. Nigratrea, 2003, páxs. 49-53.
- OTERO GARCÍA, Concha. “ Pedrafitas do Cebreiro”, en, La Voz de Galicia, A Coruña, páxs. 1013-1016.
- RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. “ La inscripción del cáliz do Cebreiro. Estudio lingüístico del texto”, en *Lucensia nº 32*, Lugo, 2006.
- VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*, Madrid: Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, 1975.
- VALIÑA SAMPEDRO, Elías.: *Catálogo de los Archivos Parroquiales de la Diócesis de Lugo*. Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1991.
- VALIÑA SAMPEDRO, Elías. *El camino de Santiago. Estudio histórico-jurídico*. Lugo: Deputación provincial, 3ª ed, 2000.
- VILLAAMIL Y CASTRO, José.: Artículo publicado na “*Crónica do 2º Congreso Eucarístico*” celebrado no mes de Agosto do ano 1896 en Lugo, 1896.
- YEPES, Fr. A.: *Crónica General de la Orden de San Benito*, Madrid: Ed. Biblioteca de Autores Españoles, t. II, Madrid, 1960.

ILUSTRACIÓNS



FOTO 1. SANTUARIO DO CEBREIRO (PEDRAFITA DO CEBREIRO)



FOTO 2. RITUAL DE CONTACTO COA ADBOCACION MARIANA.



FOTO 3. RITUAL DE CONTACTO CO SAGRARIO



FOTO 4. RITUAL DE CONTACTO CO CRISTO DO CEBREIRO



FOTO 5. RITUAL DE CONTACTO COA IMAXE MARIANA



FOTO 6. RITUAL DE XEONLLOS Ó REDOR DA IMAXE MARIANA



FOTO 7. IMPOSICIÓN DAS SANTAS RELIQUIAS




FOTO 8. OFRENDAS. FIGURAS DE CERA E VELÓNS



FOTO 9. VELÓNS COLOCADOS EN LAMPADARIOS. ESCULTURA DE ELÍAS VALIÑA



FOTO 10. MISA SOLEMNE DENDE O PALCO DA MÚSICA



FOTO 10. SANTAS RELIQUIAS



FOTO 11. OFRENDA



FOTO 12. RITUAL PROCESIONAL. CRUZ. PENDÓN. E ESTANDARTE.



FOTO 14. PROCESIÓN. DETALLE.



FOTO 15. ESMOLA NA BOETA



FOTO 16. DIMENSIÓN PROFANA. O POLBO



FOTO 17. AS ROSQUILLEIRAS